

## MESA SECTORIAL DO DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2019

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE DECRETO----/2019, DO ---- DE DECEMBRO, POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE A PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DOS CORPOS DOCENTES QUE IMPARTEN AS ENSEÑANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN, DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

ANPE Galicia amosa en primeiro lugar o seu malestar pola forma en que se anunciou a Oferta de Emprego Público e, por riba de todo, a falta de negociación da mesma.

Como é habitual a Administración se limita a facilitar unha información xa adiantada noa medios pero, non explica os criterios seguidos nin un plan de actuación para o persoal interino. Onde está a negociación?

Desde ANPE consideramos que se debe facer **un estudo amplo e pormenorizado de todas e cada unha das especialidades valorando diversos factores tales como, número de interinos e antigüidade, anos sen convocatoria da especialidade, necesidades de servizo, xubilacións ...** Deste xeito poderíanse eliminar riscos innecesarios e gravemente perxudiciais para todo o colectivo implicado. É necesario facer unha análise e planificación en profundidade e consensuada cos representantes do profesorado.

Dende ANPE entendemos que debe diminuír a porcentaxe de profesorado interino pero deberá facerse de xeito controlado, estudado e programado no tempo de xeito que as OEP non poñan en risco o traballo de xente que leva anos prestando servizos efectivos para a Administración.

Unha vez feita esta primeira valoración temos que manifestar tamén que **este non é o modelo de sistema de acceso** que desexaría ANPE e máis tendo en conta o acontecido nas últimas convocatorias nas que se está a obviar sistemáticamente a fase de concurso porque non se atende a reclamacións que se poderían ter en conta xa que a orde marco non se pode cambiar, como son: á petición reiterada de diminución de número de opositores por tribunal nin tampouco á de aumentar o tempo adicado ao proceso que sería o xeito efectivo de poñer en equilibrio a situación dos interinos/as de longa duración ou idade avanzada que non poden competir en igualdade de condicións no que a estudo se refire cunha persoa recién titulada e, probablemente sen cargas familiares ou laborais.

Dende ANPE criticamos a publicidade enganosa de man do máximo responsable da administración galega no anuncio dun número de prazas totais ficticio xa que mais do 40% son de promoción interna de acceso do grupo A2 ao A1(a experiencia nos di que non se cubren) e de A1 a A1. Solicitamos que se revise á alza o número de prazas ofertadas nesta última.

Desde ANPE amosamos a nosa preocupación polas 85 prazas ofertadas no Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas onde pode haber problemas legais derivados dunha posible repercusión dunha sentenza en relación á última convocatoria de Cátedras do curso pasado.

Por outra banda, a Administración presenta unha xustificación desta Oferta de Emprego Público baseada en tres puntos: a taxa de reposición, a estabilización de emprego temporal e a promoción interna. Para ANPE, igual que recalcamos o curso pasado, falta un punto máis que consideramos sumamente importante: **a recuperación do profesorado perdido na nosa Comunidade Autónoma durante os anos da xa manida crise económica.**

No ano 2009 había en Galicia un total de 31.820 docentes e actualmente hai uns 1.200 docentes menos. En cambio, o profesorado do ensino concertado se viu incrementado en todos estes anos en detrimento do profesorado do Ensino Público.

ANPE, como organización sindical que defende exclusivamente o Ensino Público, considera que nas Ofertas de Emprego Público se **debe ter en conta tamén esta variable que a administración obvia na súa xustificación.**

Por último, demandamos que se coñeza o antes posible o desglose de prazas por especialidade despois de tanta xustificación entendemos que estará feito e como é habitual nesta Consellería a negociación estará ausente, polo menos que, o persoal opositor poida saber o antes posible a que especialidade se vai poder presentar.

## 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Solicitamos que a Consellería reconsidere a súa posición sobre a modificación do horario lectivo do profesorado.
- Sobre o recoñecemento como servizos prestados das vacacións aboadas e non gozadas, preguntamos se xa foi notificado todo o profesorado afectado e se vai ter xa repercusión na puntuación dos servizos no actual Concurso Xeral de Traslados. **A Administración resposta que se enviaron todas as notificacións e están en prazo de alegacións. Como non están todavía recoñecidas non vai a afectar ao Concurso de Traslados.**
- Solicitamos que se nos informe cando se vai rematar a actualización das listas de substitucións de Primaria. **A Administración resposta que están rematando os traballos. Hai un problema coas novas titulacións. Nas titulacións de grao non figura a mención no Rexistro de Títulos e polo tanto, debe facerse unha revisión manual das mencións e certificacións académicas. De todos os xeitos están a piques de publicarse.**
- Con respecto ás vacantes do CXT denunciar a postura da Xefatura Territorial de Pontevedra que non respeta nin prazos nin, fundamentalmente, criterios mantidos o ano pasado. **A Administración resposta que as vacantes se están a traballar nas Xefaturas Territoriais e que posibles reclamacións que se poidan facer ás propostas de vacantes dende as organizacións sindicais analizaranse na Consellería.**
- Solicitamos que a Consellería revise posibles erros comunicados desde a sección de nóminas que provocou a retirada de certos complementos ao profesorado afectado.